

**Datos do Expediente:**

PAGO DE TRIBUTOS MUNICIPAIS	
Unidade Tramitadora:	
Xestión de Tesourería Pagamentos e Cobros – MRN	
Número expediente:	Documento:
TES/2025/403	TES1AI023M
003T 5Q48 2106 1J43 1884	

RESOLUCIÓN DO CONCELLEIRO DELEGADO DE FACENDA E NOVAS TECNOLOXIAS

Logo de ver o informe proposta da Tesourería municipal (TES1AI023G) que transcrito literalmente di:
“INFORME PROPOSTA DA TESOURERÍA

ASUNTO.- MODIFICACIÓN CALENDARIO DO CONTRIBUINTE 2026 (1ª MODIFICACIÓN)

Marta Roca Naveira, Tesoureira do Concello de Narón, en relación co asunto mencionado emite o seguinte informe:

Antecedentes

- Resolución do concelleiro delegado de Facenda nº 1430/2025 polo que se aproba o calendario fiscal do contribuínte do exercizo 2026, publicado no BOP de 22.12.2025.
- Informe do Servizo Sociocomunitario (SSO1AI044O) do 16.09.2026.

Normativa

- RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.
- RD 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación
- Lei 58/2003, 17 de decembro, Xeral Tributaria.
- Acordo regulador do prezo público pola prestación do servizo de madrugadores nos centros públicos de educación infantil e primaria.
- Demais normativa concordante.

Informe:

Primeiro.- O Concello de Narón dispón dun calendario fiscal do contribuínte aprobado por resolución do concelleiro delegado do 16.12.2026 que contempla dentro das súas previsións, o calendario de cobro do prezo público do servizo de madrugadores que foi aprobado polo Concello Pleno o 26.12.2024.

O informe da Xefa do Servizo Sociocomunitario do 16.09.2026 e xustifica a necesidade técnica de proceder á modificación do calendario fiscal aprobado para o presente exercizo, en particular, a imposibilidade de proceder á remisión da información para a confección das listas cobratorias en tempo suficiente para proceder á recadación, previa aprobación do prezo público, nos períodos determinados no calendario aprobado, dándose por reproducidas todas as consideracións alí manifestadas.

En consecuencia co anterior, cómpre realizar a modificación dos períodos correspondentes aos meses de setembro e outubro/2026 eliminándose do calendario do exercizo o período novembro/2026 xa que a liquidación, e posterior recadación, se realizará o vindeiro exercizo 2027 debendo figurar no calendario do dito período.

2º.- No acordo de aprobación do citado documento reservábase ao concelleiro delegado de facenda a facultade de modificar o mesmo “(....) cando motivos de índole técnica, debidamente xustificadas, impidan a xestión dos recursos económicos nas datas sinaladas, informando aos interesados coa suficiente antelación a través da páxina web do Concello, documentos cobratorios remitidos, etc.”

Considerando o manifestado polo Servizo Sociocomunitario, así como o disposto no Acordo regulador do Prezo público, “ARTIGO 6. NORMAS DE XESTIÓN

6.1.- LIQUIDACIÓN E FORMA DE PAGO DO PREZO

6.1.1.- A deivindicación dos prezos públicos se produce mensualmente emitíndose recibos mensuais que se liquidarán por mes vencido.

6.1.2.- Confección das listas cobratorias: Mensualmente, o servizo sociocomunitario elaborarán relación dos/as usuarios/as que se beneficiaron do servizo con indicación da cota que procede. Dita proposta remitirase ao Servizo de Facenda, xunto cos documentos e soportes necesarios para proceder á súa aprobación polo órgano competente.

6.1.3.- Cobro das cotas: O pago do prezo público (usuarios fixos/espórádicos) realizarase, obrigatoriamente, mediante domiciliación bancaria debendo os/as obrigados/as presentar solicitude de domiciliación no modelo normalizado do Concello (T-TES-02) antes do inicio da prestación do servizo.

6.1.4.- O prazo de ingreso será o mes natural seguinte a aquel no que se liquiden as cotas mensuais deivindicadas.”

Polo exposto, e dacordo coa normativa aplicable, esta Tesourería eleva a seguinte PROPOSTA DE ACORDO á concellería de facenda:

1º.- Aprobar a modificación puntual do calendario fiscal do contribuínte do exercizo 2026 , conforme ao seguinte detalle:

CONCEPTO	EXERCIZO PERIODO	E PERIODO VOLUNTARIO INGRESO	DATA CARGO DOMICILIACIÓNS
PP MADRUGADORES	SETEMBRO/2026	MES DE NOVIEMBRE (01/11 A 30/11/2026)	1º día periodo impositivo
PP MADRUGADORES	OUTUBRO/2026	MES DE DECEMBRO (01/12 A 31/12/2026)	1º día periodo impositivo
PP MADRUGADORES	NOVIEMBRE/2026	OBSERVACIÓN: ELIMÍNASE DO CALENDARIO 2026 E INCORPORARASE AO CALENDARIO DO EXERCIZO 2027.	

2º.- Publicar a modificación do calendario fiscal do contribuínte no Boletín Oficial da Provincia , na páxina web do Concello para a súa difusión e xeral e coñecemento”

Esta Concellería delegada, en uso das facultades atribuídas pola lexislación vixente, resolve:

1º.- Aprobar a proposta transcrita nos seus propios termos.

Ante min.
(Dou fe da identidade do asinante)

ROMAN ROMERO FRANCO
O Concelleiro Delegado de
Facenda e Novas Tecnoloxías

23-09-2026 13:41:59



ALFONSO DE PRADO
FERNÁNDEZ CANTELI
O Secretario Xeral
23-09-2026 13:43:29

